

Curso de especialización de Formación Profesional de Grao Superior en **Mantemento e seguridade en sistemas de vehículos híbridos e electricos (DUAL)**

Familia: Transporte e mantemento de vehículos

Sistema educativo: LOE. **Grao:** superior. **Horas:** 650. **Código:** STMV51. **Documentación:** 

Requisitos de acceso

Os títulos que dan acceso a este curso de especialización son os seguintes:

- STMV01 CS Automoción
- STMV02 CS Mantemento de sistemas electrónicos e aviónicos en aeronaves
- STMV03 CS Mantemento aeromecánico de avións con motor de pistón
- STMV04 CS Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina

Que vou a aprender e facer?

- Organizar, planificar e diagnosticar avarías, e supervisar a execución das operacións de mantemento e a súa loxística na área de vehículos híbridos e eléctricos, garantindo o cumprimento das especificacións técnicas de seguridade e de protección ambiental establecidas na normativa.
- Consulte o artigo 5. do [Real Decreto 109/2022, de 8 de febreiro, por el que se establece el curso de especialización en Mantenimiento y seguridad en sistemas de vehículos híbridos y eléctricos](#)

Plan de formación

Os módulos profesionais deste curso de especialización son os seguintes:

Curso	Código	Módulo profesional	Horas
1º	MP5080	Formación en centros de traballo	120
1º	MP5076	Seguridade en vehículos con sistemas de alto voltaxe	90
1º	MP5078	Sistemas de alto voltaxe, almacenamento e recarga eléctrica	160
1º	MP5079	Sistemas de transmisión, freno rexenerativo e control térmico	120
1º	MP5077	Tracción eléctrica e híbrida en vehículos	160

Ao finalizar os meus estudos, Que podo facer?

Traballar como:

- Xefe/a da área de mantemento de vehículos híbridos e eléctricos.
- Responsable de seguridade na área de mantemento de vehículos.
- Encargado/a de inspección técnica de vehículos.
- Responsable de recepción de vehículos.
- Xefe/a da área de recambios e equipamentos de diagnose.
- Perito/a taxador/a de vehículos.

Cales son as saídas profesionais?

No sector da produción e o mantemento de vehículos híbridos e eléctricos, e en subsectores de automóbiles.

Que título ou acreditación se obtén?

Non se obtén un título, senón un certificado que acredite a superación do curso de especialización en Mantemento e seguridade en sistemas de vehículos híbridos e eléctricos.